




Aula Profesional ECOADE

III Cineforum: Economía, empresa e sociedade

Durante o mes de marzo e abril tiveron lugar catro proxeccións da terceira edición do Cineforum da Facultade. Así, o 11 de marzo, proxectouse *En los Margenes*, filme que explora o efecto que unha situación de estrés económico ten sobre as relacións persoais, co trasfondo dos desafiuzamentos en España. O 25 de marzo o estudantado puido ver a inspiradora película, *O rapaz que prendeu o vento*, que narra a historia dun rapaz expulsado da escola por motivos económicos que aprende a construír un muiño de vento para salvar ao seu pobo da fame. O 8 de abril proxectouse *Bienvenido Mr. Marshall* e no debate posterior reflexionouse sobre a historia económica de Europa e o franquismo. Por último, o 29 de abril proxectouse *El Buen Patrón*, un filme que explora as dinámicas laborais e sociais dentro dunha empresa, con momentos de humor e reflexión.



Aula Profesional ECOADE: Cursos Libra

Entre o 18 de marzo e o 2 de abril celebrouse o taller sobre o ERP Libra, no que o estudantado participante puido coñecer e practicar cunha ferramenta que axuda a automatizar e administrar os procesos das distintas áreas empresariais e xerar información útil para a toma de decisións.



O taller foi impartido polo exalumno do grao de ADE e actual alumno do Máster en Dirección y Gestión Contable y Financiera USC, Javier Villar Magán.

Curso R

O 23 e 30 de abril tivo lugar unha nova edición do curso sobre analítica de datos con R impartido por Yago Atrio Lema. Este software emprégase en diferentes materias dos nosos plans de estudos.





Aula Profesional ECOADE: Talleres

Presentacións orais

O 19 de marzo celebrouse, no marco da Aula Profesional, un obradoiro no que se traballaron ferramentas para mellorar as presentacións orais nas aulas ou en diferentes contextos profesionais. O obradoiro foi impartido por Mateo González, antigo estudante da Facultade.



Contacto profesional

O 9 de abril celebrouse o taller sobre o contacto profesional coa empresa. impartido por Nuria Rey Quintás. O obxectivo do taller é axudar ao estudantado a facer con confianza ese primeiro contacto coas empresas e institucións nas que van a comezar a desenvolverse como profesionais da economía e da administración de empresas.



Supera un proceso de selección



O 30 de abril, celebrouse o taller, impartido por Jorge Nunes Agostinho e Patricia Carballo García de Finsa, enfocado a axudar ao estudantado a prepararse para diferentes procesos de selección.



Aula Profesional ECOADE Aprendendo das Empresas e Institucións

O 12 de marzo tivemos na Facultade a conferencia sobre a Eurorrexión a cargo de Xosé Lago, Subdirector de Acción Exterior da Xunta de Galicia e Inês Guzmán, Directora da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal. A conferencia foi organizada coa colaboración do profesor Diego Sande.



Aula Profesional ECOADE Aprendendo das Empresas e Institucións

O 2 de abril tivo lugar unha conferencia na que se falou de blockchain e criptografía na protección de datos e na xestión de activos dixitais, así como algunhas ferramentas para detección e prevención de riscos relacionados coa ciberseguridade.

A conferencia foi organizada coa colaboración de CECOCIB -Cátedra Economía de la Ciberseguridad USC-INCIBE e impartida por Pablo López, director de Equantum Ciberseguridad & Blockchain S.L.





Aula Profesional ECOADE Aprendendo das Empresas e Institucións

O 24 de abril tivo lugar unha conferencia sobre a xestión da empresa familiar. José Silveira Martín explicou o caso do Grupo Nosa Terra 21 ademais de detallar as características e particularidades das empresas familiares que en 2024 foron un 94,3% das sociedades en Galicia. A conferencia foi impartida por José Silveira, director xeral do grupo A Nosa Terra 21 e presidente da Asociación Gallega de la Empresa Familiar, e organizada coa colaboración da Cátedra de Empresa Familiar de la USC.



Aula Profesinal ECOADE Visita a Navantia

O 23 de abril, estudantes dos graos e másteres da Facultade realizaron unha visita a Navantia na que ademais de coñecer de cerca a actividade deste estaleiro nas diferentes liñas de negocio que desenvolve, tiveron a oportunidade de falar con responsables do Departamento Financeiro, de Planificación Agregada e Seguimento Económico, de Investimentos e do Departamento de Persoal.





Conferencias públicas

O 31 de marzo tivemos con nós a Miguel Casal Martínez (Wealth Management, UBS), para impartir a conferencia “Del aula al mercado financiero: Trayectoria y claves para la inserción laboral”. A conferencia foi organizada pola materia de Técnicas de cuantificación de riscos de mercado do Mestrado de Economía. Así mesmo, o 23 de abril, celebrouse a charla "Comisión Europea: funcións e oportunidades laborais", impartida por Lois Pimentel Iglesias, Policy Assistant European Commission.



Xuntanzas con delegados/as

O 21 de marzo e o 2 de abril, celebráronse diferentes xuntanzas con delegados/as e subdelegados/as dos diferentes grupos de ADE e Economía. Nestas xuntanzas contamos coa presenza de coordinadores/as de curso e titulación e aproveitamos para repasar os pormenores da marcha do curso, aspectos a reforzar e a corrixir. A reunión foi moi proveitosa e dela derivarán ideas e accións para tratar de mellorar o funcionamento dos graos.





Plan de Acción Titorial: Mobilidade

O 12 de marzo celebrouse o acto informativo sobre como realizar o acordo de estudos para a mobilidade Erasmus. A xornada foi moi enriquecedora, proporcionando información esencial para todas aquelas persoas que están a planificar a súa experiencia Erasmus.



Plan de Acción Titorial: Prácticas externas



O 11 e 12 de marzo, tiveron lugar diferentes sesións informativas sobre as prácticas externas recollidas dentro do Plan de Acción Titorial da Facultade organizadas polo centro e en concreto sobre a 2ª convocatoria de prácticas que saíu en abril.

Nestas sesións estivo presente o estudante Mateo Bueno Rivas que contou a súa experiencia coas prácticas.

Plan de Acción Titorial: Reforma dos plans de estudos

O 30 de abril tivo lugar unha xornada de orientación para informar ao estudiantado dos diversos cursos sobre a implantación do primeiro curso de novos plans de estudo de Economía e ADE. Acudiron estudantes de diversos cursos dos plans actuais onde se lle informou sobre o proceso de implantación, a forma e implicacións de mudar dun plan a outro, a situación en que fica o estudiantado dos plans actuais, etc, ademais de responder ás preguntas particulares que se formularon.

Tamén se informou de que na intranet do centro poden atopar a información completa, respostas a preguntas frecuentes e un lugar onde poden seguir formulando preguntas para resolver as dúbidas que poidan ir xurdindo co tempo.





Actos do Patrón

O 9 de abril celebramos os actos de celebración da festividade da Facultade. Foi unha ocasión para homenaxear ás persoas que obtiveron os premios á excelencia académica, os premios extraordinarios académicos de grao, mestrado e doutoramento, así como outros premios convocados polo centro: Premio Crearte na universidade; Premio de Innovación Docente; Premio Fulget á Auditora Galega de Contas como empresa galega do ano; Premios María del Carmen Lorenzo Díaz a TFG e TFM que traten temas de Economía de los recursos e do medio ambiente. Tamén houbo un recoñecemento ao labor social de Anxiños (Asociación que atende a nenos e adolescentes con trastornos mentais).



Boas Prácticas de Calidade

O noso centro recibiu, un ano máis, o recoñecemento de Boas Prácticas de Calidade da USC. Neste caso, a práctica recoñecida fai referencia á "Optimización dos procesos de traballo na Unidade de Xestión de Centros e Departamentos".

A concesión desta boa práctica recoñece o extraordinario labor realizado nos últimos anos pola Unidade de Xestión do centro e súmase ás 5 boas prácticas de calidade que nos foron recoñecidas desde o ano 2020 en sucesivas convocatorias.





Outros acontecementos

Semana Violeta

Do 5 ao 14 de marzo celebramos a Semana Violeta con un conxunto de actividades coa finalidade de festexar o Día da Muller como, por exemplo, a exposición “Mulleres Economistas”, o punto violeta (libros libres de temática feminista, estudos de xénero...), unha exposición bibliográfica na Biblioteca titulada “Economía con nome de muller: escolma para o 8 de marzo” ou unha fotografía colectiva de mulleres do PDI, PTXAS e estudatnes da Facultade.



Semana da novela negra

Do 17 ao 24 de marzo celebramos a Semana da novela negra, poñendo un punto de libros libres desta temática. Un estilo literario que reflicte unha das partes máis escuras da economía e a sociedade, non desexable mais que non podemos obviar.





Feira de Nacionalidades: Níxer e Senegal



O 23 de abril tivemos o pracer de celebrar a última Feira de Nacionalidades do curso. Estudantes de Níxer e Senegal compartiron con nós a súa rica cultura a través de música, danza e gastronomía.

Séguenos nas nosas redes sociais





Outros acontecementos

Feira dos libros libres

Entre o 17 de abril e o 17 de maio celebramos a IVª Feira dos libros libres no centro. Centos de libros e revistas usados e seminovos, estarán a disposición dos usuarios do centro para que poidan escoller e levar os que queiran e tamén, poderán aproveitar para liberal algún propio. A oferta de libros a escoller (de todo tipo de temática) renóvase a diario.



Sala ARGOS

A Sala ARGOS, que foi renovada nos últimos meses, é un espazo de convivencia multifuncional, que pode ser empregado como sala de traballo e estudo (con 56 postos), como comedor (conta con 3 microondas) ou zona de lecer. A Facultade está pensada para a comodidade dos seus usuarios, sen perder de vista a diversidade de necesidades diarias. A renovación deste espazo fíxose con esta finalidade.



Plan Estratéxico

O Plan Estratéxico 24-26 do centro foi aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno e pode consultarse na nosa páxina web.





Outros acontecementos

VI Semana Universitaria da Economía Social

O Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP) da USC que dirixe a profesora Maite Cancelo culminou xa os traballos de GALESTAT, o portal estatístico da Economía Social que achegará os datos máis actualizados sobre o sector en Galicia. Os detalles desta ferramenta dixital presentáronse, no noso centro, o 26 de marzo no acto central da VI Semana Universitaria da Economía Social no que ademais de Cancelo participaron a vicerreitora de Estudantes e Cultura da USC, Pilar Murias, a directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia, Marta Mariño, e a vicedecana da facultade, Romina García.



Neste evento interveu ademais o presidente do Foro da Economía Social Galega, Mino Martínez, que presentou catro entidades das principais familias da economía social galega que exporán brevemente o seu modelo empresarial como Carlos Carrión, da Sociedade Cooperativa Vitivinícola Arousana (bodegas Paco&Lola); Xosé Lois Lamazares, de Lugar da Veiga SLL (galletas Mariñeiras); Rosa Gutiérrez, de Coregal, e Víctor Manuel Blanco, de Primicias Raiña.

Recoñecemento ao noso estudantado

Jimena Blanco Rodríguez e José Alberto Castellanos Ferreiro, estudantes do grao en ADE do noso centro foron finalistas no Talent Match do Grupo Hotusa, unha competición que premia os mellores proxectos universitarios para afrontar retos do sector turístico. A través deste programa búscase desenvolver as capacidades dos futuros profesionais do turismo.





Publicacións do PDI

Nos meses de marzo e abril tivo lugar a seguinte publicación por parte do PDI do centro:

- Flegg, A.; Pereira López, X.; Sánchez Chóez, N.; de la Torre Cuevas, F.; Tohmo, T. (2025). An Examination of Alternative LQ-Based Approaches to Computing Regional Input–Output Coefficients. Computational Economics. Springer Nature.

Teses defendidas

Durante os meses de marzo e abril defendéronse as seguintes teses de doutoramento na nosa Facultade:

- La capacitación financiera de las personas y su relación con la vulnerabilidad financiera: Análisis de los hogares y pequeñas empresas en España

Autor: Marcos Álvarez Espiño. Dirección: Sara Fernández López e Lucía Rey Ares.

- Economía circular, reparación e obsolescencia. As limitacións da estratexia europea de reparación e potencialidades para o desenvolvemento rexional sustentábel da Galiza.

Autor: Francisco López Bermúdez. Dirección: Xavier Vence Deza.

Acordos relevantes das Comisións da Facultade

Xunta de Facultade

- **13 de marzo de 2025:** Aprobación dos criterios para a elaboración de horarios nos graos de ADE e Economía. Proposta de organización para o premio Fulget.
- **26 de marzo de 2025:** Aprobación dos horarios para o curso académico 2025-2026.

Comisión de asuntos económicos, infraestruturas e servizos:

- **28 de marzo de 2025:** Aprobación da proposta de reparto do orzamento do ano 2025.

Comisión Intercentros do Grao en ADE:

- **28 de abril de 2025:** Aprobación do informe de resultados do grao en ADE do curso 2023-2024. Valoración sobre o desenvolvemento do curso 2024-2025 nos dous centros.